

Universidade de Vigo

**CAMPIONATO GALEGO
UNIVERSITARIO DE
ORIENTACIÓN 2026
Xunta de Galicia**

Boletín 1

Pontevedra, 7 de marzo

Contenido

0.	SAÚDO:	3
1.	ORGANIZA:	3
2.	LUGAR DE COMPETICIÓN:.....	3
3.	PARTICIPANTES:	3
4.	INSCRICIÓN E PRAZOS:	3
6.	HORARIO:.....	4
7.	CARTOGRAFÍA E TERREO:.....	4
	FOTOS DO MAPA E TERREO	5
8.	CATEGORÍAS:.....	6
9.	DISTANCIA, DESNIVEL E CONTROIS:	6
	DISTANCIA Á SAÍDA	6
10.	SISTEMA DE CONTROL:	6
11.	CLASIFICACIÓN:	6
12.	HORAS DE SALIDA	7
	CLASIFICATORIA MASCULINA Y FEMENINA	7
	FINAIS A e B	7
13.	PREMIOS:	7
14.	SEGURIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS:	7
15.	COMITÉ DE COMPETICIÓN:	8

0. SAÚDO:

A Universidade de Vigo por medio da Área de Benestar, Saúde e Deporte, convida a toda a comunidade universitaria a participar no Campionato Universitario de Orientación, que se celebrará o vindeiro 7 de marzo de 2026 no Campus de Pontevedra.

Esta xornada deportiva pretende ser, ademais dunha competición, unha oportunidade de encontro e convivencia entre as distintas universidades, fomentando a práctica deportiva e os valores propios do deporte universitario.

1. ORGANIZA:

Organiza a competición a Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo

A persoa de contacto será Eduardo Rodríguez, Técnico de Deportes da da Universidade de Vigo (eduardo@uvigo.gal / 600566491).

2. LUGAR DE COMPETICIÓN:

Lugar de concentración e centro de competición: na Facultade de Ciencias da Actividade Física e o Deporte do Campus de Pontevedra.

O campionato realizarase na Illa das Esculturas e Campus Universitario de Pontevedra.

3. PARTICIPANTES:

Poderán participar neste campionato todos os membros da comunidade universitaria (estudantes, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador, sen límite ningún de idade) das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Será responsabilidade dos Servizos/Áreas de Deportes de cada unha das universidades comprobar a pertenza das persoas inscritas á súa comunidade universitaria.

4. INSCRICIÓN E PRAZOS:

A inscrición realizarase a través dos Servizos/Áreas de Deportes das respectivas universidades.

As universidades da Coruña e Santiago de Compostela remitirán as súas inscricións á Área de Deportes da Universidade de Vigo por correo electrónico a deportes@uvigo.gal antes das 23.59 h. do venres, 27 de febreiro de 2026.

5. MODALIDADE DE COMPETICIÓN:

A proba disputarase en modalidade Sprint.

O formato constará dunha proba clasificatoria e, en función dos resultados obtidos, dúas finais: **Final A e Final B**

A normativa e regulamentos aplicables serán as establecidas pola FEGADO (federación galega de orientación) e FEDO (Federación Española de Orientación) para a tempada vixente.

6. HORARIO:

Sábado 7 de marzo de 2026.

- 09.00 h. Apertura secretaría e acreditación dos/das participantes.
- 10.00 h. Saídas proba clasificatoria.
- 12.15 h. Saídas Final A e Final B.
- 14.00 h. Entrega de premios

A totalidade da competición desenvolverase en horario de mañá.

7. CARTOGRAFÍA E TERREO:

A proba desenvolverase nun terreo maioritariamente urbano, que inclúe o campus universitario de Pontevedra, con amplas zonas de herba, edificacións docentes e unha densa rede de camiños e espazos abertos.

A **proba clasificatoria** disputarase integramente no ámbito do campus universitario e na Illa das Esculturas, caracterizada por zonas verdes abertas, camiños ben definidos e a presenza das pedras e monumentos escultóricos propios do espazo. Trátase dun terreo rápido, que favorecerá unha alta velocidade de carreira combinada con eleccións de ruta dinámicas.

A **Final** terá un carácter máis urbano, cunha primeira parte polas rúas de Pontevedra, incluíndo o casco histórico cos seus recunchos, prazas e rúas estreitas de trazado labiríntico, que esixirán unha lectura precisa do mapa e unha boa planificación das eleccións de ruta. O percorrido rematará novamente na zona do campus universitario, onde a velocidade e as decisións finais de ruta poderán resultar determinantes para a clasificación final.

Empregarase cartografía a escala **1:4.000**, equidistancia **2,5 m**, elaborada conforme á normativa **ISSprOM 2019**, específica para probas Sprint.

O tráfico permanecerá aberto durante a competición. Os/as participantes deberán respectar en todo momento as normas de circulación como peóns. Estableceranse pasos obrigatorios debidamente sinalizados para o cruzamento dalgúns das vías principais, sendo obrigatorio utilizalos. (ilustración 1) O incumprimento destas normas poderá supoñer a descualificación




Ilustración 1. paso obligatorio. mapa. paso de cebra

FOTOS DO MAPA E TERREO




Ilustración 5. Campus universitario Pontevedra. Mapa




Ilustración 4. Casco histórico de Pontevedra. Mapa




Ilustración 2. Illa das esculturas. Mapa



Ilustración 6. Casco histórico Pontevedra



Ilustración 3. Illa das esculturas.

8. CATEGORÍAS:

Haberá dúas categorías: Homes e Mulleres.

9. DISTANCIA, DESNIVEL E CONTROIS:

	Distancia	Desnivel	Número de controles
Clasificatoria Mulleres	2 250 m	10	12
Clasificatoria Homes	2 526 m	10	14
Final A Mulleres	3 609 m	50	13
Final B Mulleres	2 890 m	30	9
Final A Homes	3 609 m	50	13
Final B Homes	2 890 m	30	9

DISTANCIA Á SAÍDA

Clasificatoria: A distancia desde o centro de competición ata a zona de saída é de aproximadamente **450 metros**, estando o percorrido debidamente sinalizado.

Cada deportista será responsable de realizar o desprazamento ata a presaída e deberá presentarse nela cunha antelación mínima de **3 minutos respecto á súa hora de saída**.

Estímase que, a un ritmo de marcha normal, o tempo necesario para completar o percorrido é de aproximadamente **6 minutos**. O traxecto non presenta desnivel apreciable.

Finais: No caso da final a distancia desde o centro de competición ata a zona de saída é de aproximadamente **1 450 metros**. Cada deportista será responsable de realizar o desprazamento ata a presaída e deberá presentarse nela cunha antelación mínima de **3 minutos respecto á súa hora de saída**.

Estímase que, a un ritmo de marcha normal, o tempo necesario para completar o percorrido é de aproximadamente **18 minutos**. O traxecto non presenta desnivel apreciable.

10. SISTEMA DE CONTROL:

Empregarase o sistema de control electrónico SportIdent.

En caso de fallo do sistema, aplicaranse os procedementos recollidos na normativa vixente.

11. CLASIFICACIÓNS:

Estableceranse dúas clasificacións individuais, unha por categoría, e unha clasificación por universidades.

Os/as participantes clasificaranse para as finais a través dunha proba clasificatoria, na

que serán distribuídos en carreiras equivalentes.

O número de participantes clasificados/as para as finais será igual ao cincuenta por cento (50 %) do total de persoas inscritas ao peche das inscricións. En todo caso, reservarase un mínimo de tres prazas por universidade e categoría.

Celebraranse dúas finais, Final A e Final B. Os/as participantes da Final B clasificaranse sempre por detrás dos/as participantes da Final A, independentemente dos tempos realizados.

A orde de saída das finais establecerase en función do tempo obtido na proba clasificatoria, saíndo en primeiro lugar os/as participantes con peor tempo e en último lugar os/as participantes con mellor tempo.

O resultado final da competición será exclusivamente o obtido nas finais. Para os efectos da clasificación por universidades, computaranse unicamente os resultados dos/das tres mellores participantes de cada universidade, e categoría, que participen na Final A.

12. HORAS DE SALIDA

CLASIFICATORIA MASCULINA Y FEMENINA

As listaxes de saída da **proba clasificatoria** faranse públicas a partir do xoves 4 de marzo a través dos seguintes medios:

FEGADO: <https://fegado.es/events/view/8nz4pddbqv9v/>

OREPLAY: <https://www.oreplay.es/competitions/bb16d3e3-8114-4103-a9f2-d06a19ee7f2c>

FINAIS A e B

Unha vez finalizadas as tandas clasificatorias, publicaranse as listaxes de saída das finais a través de:

OREPLAY: <https://www.oreplay.es/competitions/bb16d3e3-8114-4103-a9f2-d06a19ee7f2c>

Ademais, **estarán impresas no centro de competición.**

13. PREMIOS:

Entregaranse premios aos tres primeiros clasificados e clasificadas de cada categoría, así como ás universidades participantes.

14. SEGURIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS:

Os/As deportistas participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación a pé.

Será obrigatorio pasar polo control de meta, aínda que se abandone a proba.

15. COMITÉ DE COMPETICIÓN:

O comité de competición estará formado por un representante de cada universidade participante.

O Comité resolverá as posibles reclamacións de acordo coa normativa vixente.